

5 VERDADES E 5 MENTIRAS SOBRE ALCOA

Redacción Cerna*

Ante o debate público e social xerado tras ameaza de despedimento de 534 postos de traballo da factoría de Alcoa en San Cibrao, ADEGA elaborou en xuño de 2020 o Informe “5 Verdades e 5 mentiras sobre Alcoa”, que resumimos nestas páxinas pola súa permanente actualidade. Ante a inviabilidade e non sustentabilidade da factoría de San Cibrao, é hora de virar o debate público na busca dunha alternativa de desenvolvemento económico para a Mariña alén de Alcoa.



A balsa de lodos de San Cibrao: unha “bomba de relojería”.

5 VERDADES

1. Os traballadores/as non deben pagar os custes do peche

As Administracións públicas deben buscar solucións á situación inxusta á que se enfrontan as 534 persoas traballadoras de Alcoa, e outras 300 de empresas auxiliares, que vén ameazadas o seu posto de traballo.

En concreto, o Estado ten a oportunidade de contribuír á resolución do conflito investindo parte dos fondos da UE destinados a mitigar os efectos da pandemia no emprego e na economía en garantir a estabilidade laboral na zona así como deseñar liñas de actuación cara a transición a unha economía descarbonizada e máis sustentable.

2. Alcoa debe pagar a súa débeda ecolóxica

O complexo de San Cibrao é dos máis contaminantes de Galiza e dos que maior pegada teñen sobre o clima. Trátase da quinta industria con máis emisións dióxido de carbono de entre as asentadas na nosa terra e a súa produción require un consumo de enerxía equivalente, aproximadamente, ao 20% de todo o consumo eléctrico de Galiza, ao 65% do da provincia de Lugo, e ao total das sete principais cidades galegas.

Pero ademais, emite compostos gasosos á atmosfera con efectos perniciosos sobre a saúde ambiental e humana como son o monóxido de carbono, óxido de xofre, dióxido de nitróxeno, ácido fluorhídrico e partículas PM10¹.

A propia Alcoa recoñeceu na documentación presentada na Xunta para a renovación da súa autorización ambiental

integrada (AAI) que supera os límites de emisión para o flúor e as partículas por factores moi altos. En sintonía con esta información, o estudo realizado en 2006 por encargo da veciñanza coa colaboración de ADEGA revelou a presenza por flúor nun radio de 3 quilómetros arredor da factoría de xeito que non é seguro beber auga dos pozos sen realizar análises periódicas.

Por último, o complexo consume ao ano 6 millóns de metros cúbicos de auga que capta do río Cobo, o equivalente ao 15% do consumo anual de todos os fogares galegos. Paralelamente, verte ao mar 7,5 millóns de metros cúbicos de augas residuais.

3. A balsa de lodos vermellos; o grande pasivo ambiental

A balsa ocupa unha superficie de 73 hectáreas fronte o mar e nela vértense diariamente 4.500 toneladas de lodos vermellos, constituíndo un elevado risco para o medio ambiente e as persoas.

Ademais, Alcoa leva décadas incumprindo a lexislación ambiental xa que o muro de contención da balsa, que non é máis que un noiro de xabre, pedras e terra sen impermeabilizar nin selar, contén multitude de fisuras causantes de reiteradas filtracións e de vertidos contaminantes á terra e ao mar.

Tampouco se sabe que acontecerá con eses lodos cando se sature a balsa, previsiblemente en 2025, ou Alcoa cese a actividade. Desde a empresa afirman que se pechará, acorde á normativa e de maneira gradual, nos vindeiros dez anos, pero non consta que ningún proxecto de clausura estea aprobado pola administración autonómica, polo que, formalmente, a día de hoxe, non existe.

4. Xunta e Estado non achegan solucións de futuro

O goberno da Xunta non está dando unha resposta política á situación. Con parches e actuacións curtopracistas, como o abaratamento da enerxía eléctrica, desvíaa o foco da problemática: Alcoa é unha industria depredadora de recursos naturais que só deixa na Galiza os cartos dos salarios e contaminación por partida dobre, a que se xera o complexo de San Cibrao, e a da central das Pontes, principal subministradora de enerxía, tamén en proceso de cese de actividade.

Pola súa banda, o Estado está discriminando a Galiza no reparto de fondos europeos destinados a incentivar a promoción da economía sen carbón e de empregos sustentables, malia a ser un dos territorios máis afectados nesta transición.

5. A reciclaxe de aluminio podería ser unha alternativa de futuro

Unha das vías de desenvolvemento que aínda non se ten explorado é a dos procesos industriais ligados á reciclaxe do aluminio. A Asociación Española do Aluminio (AEA), da que forma parte Alcoa, define o aluminio como o "metal rei da reciclaxe" e un dos materiais de primeira liña na transición cara a economía circular. Ademais, consume un 95% menos de enerxía e só xera un 5% das emisións de gases de efecto invernadoiro con respecto á produción de aluminio primario.

5 MENTIRAS

1. Alcoa ficaría se o Estado abaratase o prezo da enerxía eléctrica

Altos cargos da multinacional estadounidense reiteraron a súa vontade de pechar San Cibrao, "aínda que o prezo da electricidade fose gratis para a empresa". Entendemos que o desexo de Alcoa de marchar de San Cibrao se debe a unha política empresarial orientada a localizar as factorías en zonas con ligazón terrestre ás minas de bauxita e con tecnoloxías máis eficientes e económicas, como sería o caso da factoría saudí de Maaden, adquirida por Alcoa en 2009, ano no que deixou de investir na renovación tecnolóxica da factoría de San Cibrao

2. A factoría de San Cibrao é competitiva globalmente

As novas tecnoloxías aplicadas ao sector da metalurxia estanse encamiñando á produción de aluminio mediante procesos menos custosos enerxética e ambientalmente.

De feito, Alcoa, xunto con outro xigante mundial do aluminio, Río Tinto Aluminium, creou a empresa Elysis co obxecto de desenvolver un método de produción libre de carbono. Este sistema, máis sostible e que fai que o de San Cibrao quede obsoleto, xa está a funcionar, tamén desde 2009, na fábrica de Alcoa en Pensilvania.

3. O Estado español non investiu o suficiente en Alcoa

Alcoa foi mimada polas administracións españolas desde que mercou a empresa pública Inespal en 1998. Un repaso pola súa traxectoria deixa un regueiro de cartos procedentes das arcas públicas e medidas ad hoc como a suspensión de impostos.

Algúns exemplos: 142 millóns de euros ante a ameaza de peche das factorías de Avilés e A Coruña en 2014; 38 millóns para o mantemento do emprego nos últimos anos; 1.000 millóns a fondo perdido pola disposición a desconectarse da rede en caso de

Luis Caabreña



Estación de control de contaminación atmosférica de Alcoa.

necesidade; a suspensión temporal do imposto de xeración ás industrias electrointensivas (supuxo o 4% de aumento no recibo da luz para as vivendas e o comercio) ...

4. Alcoa representa do 30% do PIB de Lugo

O PIB da provincia de Lugo segundo os últimos datos publicados polo IGE (Instituto Galego de Estatística) é de 7.139 millóns de euros e o de Cervo, onde se contabilizan as rendas de Alcoa (nomeadamente, salariais) é de 372,5 millóns de euros. Por tanto, como queda de manifesto, Alcoa podería representar o 5,2% do PIB da provincia de Lugo, moi lonxe da disparatada cifra do 30% que subscriben desde os medios de comunicación e a política. Coa súa sede fiscal en Madrid, a maior parte dos beneficios de Alcoa van fóra da Mariña e de Lugo.

5. A factoría de San Cibrao de Alcoa é estratéxica para o país

Preguntámonos como pode ser estratéxica unha industria que debe importar a súa materia prima, que fai un consumo enerxético depredador, que non é capaz de dar solución á problemática dos lodos vermellos, nin de garantir a descontaminación dos solos... que non é competitiva globalmente. Se a materia prima básica é extraída en condicións de miseria extrema e graves impactos en terceiros países e mesmo lle teríamos que ofrecer a electricidade gratis.

Preguntámonos como pode ser estratéxica se non cotiza no país nin deixa máis beneficio que as rendas salariais, se tampouco ofrece garantías de mantemento dos postos de emprego, se non paga a súa débeda ecolóxica a pesar de estar recibindo permanentemente milleiros de euros de fondos públicos.

CONCLUSIÓN

Se realmente se quere apostar pola permanencia da industria do aluminio no país, o estratéxico é adaptar estes procesos de produción ao novo paradigma da transición ecolóxica e da economía circular ou potenciar outras actividades económicas sacrificadas no pasado ante a chegada de Alcoa, como a agrogandeira, a pesqueira, a forestal, ou a turístico-cultural.

¹ Segundo o rexistro estatal PRTR1.